

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Lorenzo González, María de las Nieves
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Domínguez, María del Mar
Rodríguez Vázquez, Virxilio
Soto González, María Mercedes

PDI-A

Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Porteiro Fresco, Jacobo
Ruiz Hidalgo, María del Carmen

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

González González, Jaime
Redondo Cervantes, Montserrat
Rodríguez Pousa, Estela
Santos Grandal, Juan

PAS

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
García Eirín, José Manuel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
Díaz Redondo, Rebeca P.

Torres Romay, Emma

INVITADA

González Fernández, África

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 17 de outubro de 2025, convocada para ás 16:30 h. en primeira convocatoria e ás 17:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 17:00 do día 17 de outubro de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

O asunto a tratar é o seguinte, consonte á orde do día:

1. Debate e aprobación, se procede, do posicionamento sobre a titulación de Medicina.

O reitor comenta que imos falar do posicionamento con respecto ao tema de Medicina. O reitor di que van a seguir traballando a vindeira semana, quere fixar unha serie de parámetros para que o acordo a tres bandas lle valga a Universidade de Vigo para seguir traballando con el.

A continuación, refírese á expresión de interese relacionada coa titulación de Medicina. A Universidade de Vigo xa expresou con anterioridade o seu interese na implantación en Vigo da titulación de medicina. En aras da lealdade institucional e dos procesos de acordo no marco do mapa de titulacións, apoiamos a redacción e aprobación dun novo convenio que permita descentralizar o segundo ciclo da titulación con presenza de profesores da Universidade de Vigo. Ese acordo debería incluír canto menos os seguintes puntos:

- 1) O acordo estableceríase entre as universidades asinantes, as consellerías implicadas e os hospitais correspondentes, e tería unha duración de tres cursos académicos, ao final dos cales tería que chegarse a efectiva descentralización da docencia de cuarto, quinto e sexto de medicina.
- 2) A docencia dos cursos que se propón descentralizar estaría encargada a unidades departamentais constituídas por profesorado da Universidade de Vigo e da Universidade de Santiago de Compostela no caso da docencia impartida nos hospitais das áreas sanitarias relacionados coa Universidade de Vigo.
- 3) Como mínimo, o 50% do profesorado vinculado que se contrate durante ese tres cursos académicos para impartir docencia na titulación de medicina no CHUVI, farao coa Universidade de Vigo.

- 4) Ademais da transferencia de fondos que realice o SERGAS para o devandito profesorado, a Xunta de Galicia proveerá fondos para que a Universidade de Vigo sexa compensada economicamente por fóra do plan de financiamento, de xeito que non supoña custo algún para a Universidade de Vigo. A Universidade de Vigo empregará figuras de PPL, Titular de Universidade e Catedrático de Universidade para a contratación de profesorado vinculado, e o acordo debe incluír cláusulas para a equiparación salarial de todo o profesorado que se contrate, independentemente da universidade que o faga. Tamén poderá incorporarse profesorado non vinculado que preste os seus servizos na Universidade de Vigo, recibindo tamén a compensación correspondente en función dos créditos que impartan.
- 5) A Xunta de Galicia comprometerase a impedir a posta en marcha de titulacións privadas de medicina en Galicia, mantendo unicamente título na universidade pública.
- 6) O acordo debe incluír prazos estritos para a descentralización de toda a docencia dos cursos 4º, 5º e 6º, tanto teórica como práctica, de xeito que os estudantes seleccionados para seguir a titulación en Vigo, poidan completar toda a súa formación na área sanitaria correspondente, incluíndo a posibilidade de realizar rotatorio nos diferentes hospitais do SERGAS das áreas sanitarias das provincias de Ourense e Pontevedra.
- 7) Perante a duración do acordo, a Universidade de Vigo comprométese a non facer efectiva a solicitude que se aproba hoxe, agás que se incumpran as condicións pactadas no acordo.
- 8) Ao final da implantación do proceso de descentralización, deberá reavaliarse o acordo e negociarse o grao de nova descentralización que resulte de interese.
- 9) Todo o persoal sanitario investigador continuará vinculado ao instituto de investigación Sanitaria Galicia Sur.

O Consello de Goberno aproba, con data 17 de outubro de 2025, a expresión de interese na implantación de medicina na Universidade de Vigo, deixándoa en suspenso durante como máximo un mes á espera da consecución do acordo para a descentralización de medicina.

O reitor cede a palabra á profesora invitada, África González Fernández, quen intervéndo do seguinte xeito:

“Quería plantear una serie de cuestiones, en relación al documento que se presenta hoy en el concello de gobernó.

¿Por que el rector no solicita una FACULTAD DE MEDICINA independiente de la USC?

Hay **necesidad creciente de médicos** por la jubilación de miles de profesionales en pocos años, así como el mayor envejecimiento de la población, sobre todo de la etapa del *baby boom*. Según informe del Ministerio de Sanidad, **“España es un país importador neto de médicos”**. Y ha movilizao para que haya **más plazas de Medicina**.

Problema **agravado en Galicia** que dispone según el INE de **481 médicos por 100.000 habitantes**, muy por debajo de comunidades como Navarra (661), Madrid (557), Cataluña (552), o País Vasco (552). De ellos aproximadamente un **50% tiene más de 55 años. jubilaciones masivas** en los próximos 10 años.

Población muy envejecida y un alto grado de dispersión en entornos rurales.

Muchos estudiantes con ganas de hacer medicina, pero que tienen que irse a la privada o a otros países para hacerla.

Claramente se necesitan más médicos, hay una necesidad social

2.- El tema de la descentralización no resolvería este tema de la necesidad de más médicos, pero además, no es ALGO NUEVO. Ya en 2015 se había firmado que los estudiantes de 4-5 y 6 rotaran por los hospitales y esto no se ha cumplido por parte de la USC. Esto es **volver 10 años atrás donde no se cumplieron los acuerdos, y no hay garantía de que se vayan a cumplir.**

3.- **Porqué dejar un margen de 3 años para ver si el acuerdo se cumple, hipotecando la opción de poder optar a una facultad independiente?**

4.- **Con el actual concierto que estableció el Sergas poniendo todos los centros a disposición de la USC, Qué régimen jurídico aplica que la USC pueda convocar plazas para los hospitales que dependen de la Uvigo?**

Es un doble concierto? Habrá profesionales que dependan de una universidad y otros de otra??

5.- **Por qué el 50% de las plazas,** no deberían ser todas para los hospitales que dependan de los campus de la Universidad de Vigo?

6.- Hay ya una propuesta de **Universidad Privada,** dónde en Vigo, Coruña?

Historia

los **recursos de la USC** para la formación de médicos se vieron superados por las necesidades académicas reales, Así, hace ya más de 20 años que los alumnos de medicina puede realizar las prácticas de sexto curso en los distintos hospitales de Galicia.

En 2011, se identificó la necesidad de la coordinación de las universidades gallegas para dar adecuado acomodo a los estudios de Medicina en la comunidad, lo que llevó a constituir en 2011 el “Consello para a coordinación da docencia clínica en Galicia”, que permitió los acuerdos firmados en 2015 y que establecían que los alumnos de Medicina de la USC pudieran tener docencia de cuarto, quinto y sexto curso en los hospitales gallegos al amparo de cada una de las 3 universidades gallegas en su ámbito de competencia. **Estos acuerdos nunca llegaron a cumplirse** y 10 años después siguen siendo solamente los alumnos de sexto los que se distribuyen para hacer sus prácticas por los Hospitales de Galicia, con todo el profesorado dependiente de la USC concentrando la docencia teórica y **sin participación** de las otras Universidades (Coruña y Vigo).

La Universidad de Vigo cubre un área de influencia de los campus de Vigo, Pontevedra y Orense con más de 1 millón de personas, siendo Vigo **la ciudad más poblada** de toda Galicia. Resulta excepcionalmente difícil encontrar un caso similar en toda Europa: una ciudad con una población sanitaria superior a las 500.000 personas que no cuente con una Facultad de Medicina. En el conjunto del estado, en los últimos decenios se han establecido nuevas facultades de Medicina por la exigencia de formación de los profesionales, hasta llegar a una proporción de una facultad por millón de habitantes, que se cumple en todas las comunidades autónomas con pocas excepciones como la de Galicia, a la que corresponderían entre 2 y 3 facultades. En aquellos casos que el sistema universitario público no se ha dotado de facultades de Medicina suficientes para hacer frente a esta demanda, han sido las universidades privadas las que ha implantado los estudios de Medicina. En Galicia, se corre

este mismo riesgo. Y de hecho ya ha habido varias iniciativas para implantar una nueva facultad de medicina privada en nuestra comunidad, tanto en A Coruña como en Vigo.

Calidad, capacidad docente y hospitalaria. La Universidad de Vigo tiene prestigio a nivel nacional e internacional, en una posición excelente en los rankings internacionales sobre todo en investigación y transferencia. La Universidad de Vigo cumple con creces y solvencia todos los requisitos necesarios en cuanto a medios materiales y humanos, así como la existencia de una estructura excelente en el **Campus Universitario y una red hospitalaria capaz de atender con suficiencia todo el grado de Medicina, con hospitales de alto nivel no solo en Vigo, sino también en Ourense y Pontevedra.**

Instituto de investigación Sanitaria Galicia Sur (IIS-GS), acreditado por el Instituto de Salud Carlos III, órgano acreditador de la calidad de la investigación en España.

Es momento de cambio: La demanda de una Facultad de Medicina se entronca en los mismos orígenes de la Universidad allá por 1991 y se sustenta en la necesidad evidente de optimizar los recursos académicos, docentes y de investigación del sistema universitario y sanitario de Galicia para la formación de los/as médicos/as gallegos/as en el siglo XXI. **El claustro fundacional de la UVigo solicitó la titulación de Medicina en sus albores y desde entonces, más de 30 años de recorrido y esfuerzos por dotarse de esta titulación.**

La consecución de una Facultad de Medicina en Vigo es una **deuda histórica**

En nada perjudicaría a la existente en la USC. La competitividad ayudaría a hacernos mejores.

La creación de una facultad en Vigo no solo formaría nuevos médicos, supondría un beneficio para los alumnos y sus familias, y mejoraría la calidad docente y la investigación en biomedicina en Galicia”.

O reitor responde que cada ano hai que cumprir cuns compromisos, que non hai ningunha proposta por parte dunha universidade privada enriba da mesa, que se faría un POD interuniversitario entre a USC e a Universidade de Vigo, cun departamento interuniversitario, e que non ten todos eses datos aínda que se están a procurar.

Jacobo Porteiro intervén a continuación para dicir que en xeral o texto incorre en imprecisións, gustaríalle algunha aclaración. Di que o correcto é dicir que estamos a pedir o Grao en Medicina. O reitor dille que si, o Grao en Medicina na Facultade de Medicina. Entende que só se faría isto se o fan as tres. Di que coa UDC non haberá desequilibrios. Estamos a falar da teoría e da práctica, ese estudantado debe pertencer a UVigo. Hai debate.

Jacobo Porteiro pregunta tamén sobre a cláusula de saída, e remite a través do chat un texto adicional: “O acordo respectará en todo momento o interese lexítimo manifestado tanto pola UVIGO como pola UdC de impartir o grao de Medicina, sen que poda existir posición de preferencia ou prevalencia por ningunha das dúas universidades, asegurándose en todo momento a igualdade de condicións de ambas universidades fronte a descentralización do grao de medicina”.

Jaime González intervén a continuación: “Boas tardes,

Tras ler o documento quedei con algunhas preguntas que me gustaría facerlle ao señor Reitor, posto que me parecen moi relevantes de cara a tomar unha decisión sobre o posicionamento da UVigo. Vaia por diante que a miña posición é favorable a calquera traballo de descentralización ou

duplicidade que mellore a atención docente que poidan recibir aquelas persoas que queiran estudar medicina en Galicia.

Quero comezar destacando que manteño unha preocupación se remite ao que dixen fai uns meses, cando se botaba a andar o grupo de traballo para a descentralización alá polo mes de xuño, onde eu expresaba a miña sensación de que este debate estíbese a afrontar dende pensando máis nunha cuestión de prestixio institucional que no interese do estudantado afectado.

Xa que o documento entendo eran unha “liñas xerais”, lle proponho ao reitor as seguintes cuestións. Algunhas xa comezou a respostalas ante as intervencións doutros participantes pero igualmente gustaríame que constasen as respostas:

1. Cantas estudantes poderanse beneficiar desta descentralización? Ofreceron a Universidade de Santiago ou a Consellería algunha estimación de cantas persoas poderían amosar interese por esta alternativa?
2. Existirá un número limitado de prazas? De ser o caso, falouse xa dalgún criterio para seleccionar ás persoas que poderán desenvolver os seus estudos na área sanitaria de Vigo? Prioridade xeográfica? Mérito? Nota?
3. Igual estou sesgado porque na enxeñaría é común ter estudantado con materias de varios cursos, pero qué pasaría de ser o caso de ter materias de cursos descentralizados e non descentralizados en medicina?
4. Gustaríame reiterar unha preocupación xa plantexada polo Profesor Porteiro na súa intervención, enfocada dende outro xeito. Este estudantes, pertencerán á Universidade de Santiago ou á Universidade de Vigo? Exercerán os dereitos e deberes dos estudantes da USC ou da UVigo? Onde poderán exercer os seus dereitos de representación? Ante que organismos de calidade responderá a súa docencia?
5. Ante a mencionada cláusula de saída, que pasaría cos estudantes que xa estivesen en Vigo? Terían dereito a rematar a súa docencia en Vigo ou a saída implicaría a extinción inmediata do curso?

Por outra banda, gustaríame amosar algunhas dúbidas en clave de persoal investigador:

1. No caso de contratar persoal investigador ou de apoio á investigación non sanitario, cal será a súa afiliación? O seu centro de adscrición?
2. Desenvolverán as súas labores de investigación nas instalacións do Instituto Galicia Sur ou en instalacións da UVigo?

Finalmente, dúas preguntas, a modo de curiosidade para entender mellor como foi o proceso de traballo e negociación que conduciu ata este punto no que nos atopamos:

Estivo nalgún momento enriba da mesa a creación dunha nova facultade de medicina, ca titulación íntegra, na UVigo ou na UDC? O pregunto porque no punto 8 fálase dunha “reavaliación” e un “grao de nova descentralización” e me gustaría saber se é algo que de eiquí a 3 ou 4 anos estará enriba da mesa, pensando xa na responsabilidade que iso suporía para o equipo de goberno que lle suceda.

Por outra parte, gustaríame coñecer a súa opinión sobre como é que a Xunta pode comprometerse a que non se implemente medicina na privada, e non puidese facelo co resto de titulacións que xa se están duplicando como ADE, Dereito ou Enfermería?”.



O reitor di que as posibilidades de que nos concedan unha facultade de Medicina son moi baixas. Se acordamos que queremos Biomedicina o anunciaremos, ou se a queremos partillada, o pediremos, pero se o facemos de forma abrupta non imos ter éxito algún.

O reitor comenta tamén que está falado coas dúas consellerías afectadas, e non haberá permiso algún para unha universidade privada, pero sempre e cando haxa acordo.

Virxilio Rodríguez di que vaia por diante o agradecemento polo esforzo e o traballo que hai detrás, nun ámbito tan complexo, e polas explicacións. Na súa opinión, o convenio do 2015 foi un bo acordo, un acordo histórico. O reitor dille que o convenio era moi bo, pero que non tiña unha táboa de tempos. Incluso dille que chamábase o acordo 2015 PLUS. Virxilio di que o reitor chamouno papel mollado. Virxilio di que hai que recoñecer o traballo que se fixo, xa que antes non había convenio. Outra cuestión é que non se desenvolve, polos atrancos que se atoparon, e hai que ver que fixeron os que gobernaron por non existir o que tiñan que existir, no momento en que asumimos responsabilidades. As intervencións que lle precederon, sobre o texto que se presenta, poñen de manifesto a complexidade do que estamos a falar, cuestións imprecisas, reformas en vivo e en directo, e que non sabemos como se está modificando o texto que aquí se nos presenta, necesita saber que texto é, en que parte do convenio vai. É dicir, en definitiva, entende que isto é un Consello de Goberno, non unha comisión técnica ou comisión delegada. O Consello de Goberno non é unha comisión técnica, e estamos a falar dunha tecnicidade que precisa maior detemento. Despois dun Consello de Goberno no que preguntaran por este tema. Non coincide co tempo nin coas formas. Cre incluso que unha aprobación deste texto, moito falar dicir que sexa un documento, que vincule ao reitor nunha comisión que pode ser nos seguintes días unha porcentaxe menor. Por todo isto, plantexa unha cuestión de orde, quere que se someta a aprobación a declaración de interese na Facultade de Medicina, xa adianta o seu voto favorable, pero a súa petición é unha cuestión de orde, insistindo en que o que debemos someter é a declaración de interese.

O reitor aclara que o convenio por suposto vai vir a Consello de Goberno, o que quere é que lle deamos un mes par poder ver como van as cousas.

José Fariña pregunta se a Universidade de Vigo é capaz de levar isto adiante, xa que a experiencia é que non é capaz. O punto 4 non o pode cumprir, síntese afectado polo que é un brindis ao sol, fala dun acordo para incluír cláusulas salariais de equiparación salarial dos profesores da UVigo co resto da USC. O reitor di que temos un atranco na UVigo para pagar ao persoal vinculado, xa que no seu día uns profesores fixeron un recurso, a Universidade de Vigo gañou, e polo tanto non paga o mesmo aos da UVIGO que no resto das universidades públicas galegas. Cre que ao facer o convenio co acordo de equiparación conseguiríamos superar o atranco que temos ata o de agora. Se tiveramos este acordo establecido a nivel galego, daquela arraxaríamos o terrible atranco que temos.

José Fariña non pode entender como poden facelo noutras universidades, e en UVIGO non se pode facer. Tal e como está, non é quen de apoiar isto.

Miguel Cuevas recibiu a convocatoria con certa ledicia, pero despois de ler o documento e escoitar a África e os compañeiros de Consello de Goberno está preocupado. O convenio do 2015 era un bo convenio naquel momento, pero ese convenio morreu cando comezou, e agora resucita nun convenio 2015 PLUS, que para el xa está morto. Cre que son cesións a hora de reivindicar medicina. Se non fomos quen de facer nada, cunha táboa de tempos, que parece o xuízo final, estamos cedendo cuestións a outra universidade que ten todos os apoios doutras administracións, pero nós non adiantamos nada, estamos perdendo tempo. Algunha das cousas que falou Jaime preocupáronlle como parte social. Reduce á Universidade de Vigo a ente pagador. Concorde totalmente con Virxilio.

Rosa Pérez, imos partir da base que ela é de carácter negociador. Pero cre que neste caso estamos perdendo o tempo. Non entende porque imos a presentar unha declaración de interese condicionada. Non entende, nos sabe se é presión, cre que é dilación por parte da USC. Non entende o motivo de un día para outro pedir Medicina. Ela está de acordo en pedir a declaración de interese. Coruña non pedira xa a Facultade de Medicina? Son un par de reflexións, ela pediría que pidamos só a declaración de interese para ter unha facultade de Medicina.

O reitor cre que a UDC adiará a petición, pero nós temos que facelo porque hoxe remata o prazo para solicitar unha facultade de Medicina. Deste xeito, senón chegamos a un acordo o reitor quere poder ir adiante coa petición da facultade, para poder estar nunha situación negociadora coa fortaleza necesaria.

Virxilio refírese ao punto de orde do día, non ten claro sobre que imos votar. Imos votar sobre o posicionamento deste texto? Segunda cuestión: desde o seu punto de vista, se aprobamos a declaración de interese, de momento interno, noutro Consello de Goberno podería decaer. Aínda así, procede por seguridade xurídica votar sobre a declaración de interese da titulación de Medicina.

Jacobo pide unha aclaración sobre o que imos a votar.

Intervén a continuación López Ardao, cre que todos estamos na mesma onda. Sae na prensa que UVigo pide a Titulación de medicina, e que UVigo aprobou hoxe a expresión de interese na implantación de medicina na Universidade de Vigo, deixándoa en suspenso durante como máximo un mes á espera da consecución do acordo para a descentralización de medicina.

Mónica Valderrama di que na prensa sairá o último parágrafo que di que o Consello de Goberno aproba, con data 17 de outubro de 2025, a expresión de interese na implantación de medicina na Universidade de Vigo.

Virxilio Rodríguez di que comentou que non tería problema en aprobalo se deixamos ese parágrafo ao final. Adianta o seu voto favorable se o que se aproba é o último parágrafo:

“O Consello de Goberno aproba, con data 17 de outubro de 2025, a expresión de interese na implantación de medicina na Universidade de Vigo, deixándoa en suspenso durante como máximo un mes á espera da consecución do acordo para a descentralización de medicina”.

O reitor está de acordo coa proposta, así como os membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 19:20 h. do día 17 de outubro de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.